

# A Tribu

O Jazz e a súa pegada hoxe: concerto didáctico.

## Unidade Didáctica

## Í n d i c e

- 1. escoitar**
  
- 2. Os instrumentos**
  - a.os ventos
  - b.as cordas
  - c.a percusión
  - d.o xiradiscos
  
- 3. O Jazz**
  
- 4. Unha pegada: A TRIBU**
  
- 5. Guía CD Audio**

## 1. escoitar

A acción á que asisitimos vaise desenvolver nun espazo que posúe unhas condicións especiais para **VER** e **ESCOITAR**. Está pensado para que disfrutemos dun espazo cómodo no que se poder concentrar para o que vai suceder ante nós. Pensemos que é importante que entendamos por que estamos aquí neste momento, e non noutro lugar.

Imos asisitir a un **CONCERTO**. Isto significa que hai un número importante de xente que leva tempo organizando e ideando o mellor xeito de chegar a nós, para conseguir que escoitemos e disfrutemos dunha experiencia única e inesquecible. Os músicos, o persoal da organización, os técnicos, etc... dispuxeron todo con este fin, aínda que a maioría do traballo e do esforzo, pase inadvertido ante nós.


Da nosa parte, só é preciso a **ATENCIÓN** para non perder nada do que nos teñan preparado. **CALMA** para disfrutar desde tódolos currunchos do noso ser, e **SILENCIO** para que a música poida facer debuxos no noso cerebro, e acariñándonos desde dentro, consiga amosar o seu poder a todas e cada unha das nosas neuronas.

## 2. Os instrumentos



**OS VENTOS.** Hoxe temos a sorte de poder escoitar varios tipos de saxofóns: Barítono, Tenor, Alto e Soprano, e tamén poderemos ver a diferenza entre a Trompeta e o Fliscorno. O Saxofón ten tan só 150 anos de antigüidade, pero cunha evolución moi acelerada, e cunha inclusión en tódalas músicas populares e modernas realmente impresionante. O nacimiento da trompeta, pérdese co nacimiento da propia especie humana. Xunto ca fruta, estamos ante un dos instrumentos máis primitivos, sendo os seus ancestros, instrumentos feitos con osos e material vexetal como canas de bambú, etc...

**AS CORDAS** .Guitarra e Baixo eléctrico. Os antecedentes máis primitivos do que hoxe coñecemos coma guitarra, poderíanse datar de 1000 anos a. n. e. Prácticamente en tódalas grandes civilizacións hai exemplos de instrumentos de corda pulsada, cun mástil instalado nunha caixa de resonancia. As nosas guitarras eléctricas de hoxe, que usamos tanto para o Jazz, como para o Rock aínda non cumpriron 100 anos, e forman parte indiscutible non só da nosa música, senón da nosa cultura moderna.



**AS PERCUSIÓNS.** Sen dúbida, a Batería é o instrumento por excelencia da percusión moderna. Inventouse en torno ó ano 1900. A Batería tal e como a coñecemos hoxe, xurdiu a raíz de colocar un montón de instrumentos de percusión que eran tocados por varios músicos, de tal xeito que un só individuo puidera tocar todos á vez. E o estilo no que se fraguou esta invención foi o Jazz. Ó longo dos anos, séguese mantendo a disciplina da percusión como unha entidade propia e diferenciada da batería, e moi frecuentemente convivindo e complementándose entre elas.



**O XIRADISCOS.** O “turntablism” xurde nos anos 70 vinculado ó hip hop, e consiste na manipulación dos vinilos no xiradiscos ca axuda dunha mesa de DJ. É a disciplina instrumental máis recente e a súa incorporación á música moderna é un feito indiscutible. Sendo un instrumento aínda en evolución, coma todos, os DJ’s que practican o scratch teñen chegado xa a unhas cotas de virtuosismo que nada envexan a calquer outro instrumento tradicional.



### 3. O Jazz

O Jazz é un xénero musical nacido a finais do século XIX nos Estados Unidos, que se expandiu de forma global ó longo de todo o século XX.

A historia do Jazz caracterízase por dous rasgos fundamentais:

1. En primeiro lugar, tanto pola súa **constante asimilación doutras tendencias** musicais estilísticas ou culturalmente alleas a él, como pola súa **capacidade de misturarse** con outros xéneros e **crear novos estilos** musicais, coma o rock and roll, por exemplo, que terminarían por evolucionar de forma independente ó Jazz.
2. Pola sucesión de forma ininterrompida dun **numeroso conxunto de subestilos** que, vistos en perspectiva, manifestan entre algún deles **enormes diferencias** musicais.

### Concepto

“O jazz caracterízase por eludir a execución das interpretacións a partir da lectura fiel dunha partitura. A base da interpretación e do estilo jazzístico é a Improvisación.” Isto significa que o intérprete recrea libremente o tema en cada execución sobre unha determinada estrutura armónica: a melodía funciona como **tema principal** e idea para desenvolver **unha posible interpretación (solo)**. Neste sentido, a música de jazz céntrase máis no intérprete que no compositor.

A **improvisación** diferencia de forma primordial o jazz doutros estilos musicais da tradición musical occidental, como a música clásica europea. Neste sentido, o jazz recupera na música occidental a improvisación como esencia musical, como existe na maior parte das tradicións musicais de orixe non europeo.

## A Orixe do Jazz

Musicalmente, o jazz nace da combinación de tres tradicións: a autóctona **estadounidense**, a **africana** e a **europaea**.

A comunidade afroamericana xurdida da escravitude no sur dos Estados Unidos desenvolveu a súa expresión musical a través da

1. improvisación creativa sobre o material que lle proporcionaban as músicas relixiosas e seculares propias traídas de **África**,
2. a tradición instrumental das **orquestras estadounidenses** (sobre todo, as bandas militares) e
3. as formas e armonías da **música europea**.

Estas primeiras manifestacións musicais afroamericanas eran unha mestura de ritmos e instrumentos asociadas á vida dos escravos, polo tanto interpretadas como cancións de traballo e de diversión colectiva. A improvisación é xa, nestes primeiros momentos, un compoñente esencial destas músicas, que as contrapón á música composta das comunidades brancas.

Os escravos fusionaron moitas das súas tradicións africanas co cristianismo protestante que lles impuxeron os seus amos, o que constituí o caldo de cultivo apropiado para o desenvolvemento dos *espirituais*. A finalización da guerra que enfrentou o norte co sur, permitiu a chegada de gran cantidade de instrumentos musicais ás mans dos escravos recién liberados, moitos dos cais tomaron a música como forma de vida.

Con estes novos instrumentos e reunindo tódalas influencias musicais, formáronse as 'marching bands' e as bandas de música bailable da época, que, a finais do XIX, supoñían o formato habitual no que a concertos de música popular se refire.

Pero falar das orixes do Jazz, como estilo e disciplina, é falar de **New Orleans**. Foron unha gran cantidade de estilos rexionais os que contribuíron ó desenvolvemento inicial do jazz. O primeiro movemento musical ó que comúnmente se denominou jazz foi o desenvolvido na área de New Orleans, en Luisiana.

Xentes de diferentes nacións de África, Europa e Latinoamérica contribuíron ó rico patrimonio musical de New Orleans. Na era colonial de Francia e España, os escravos tiñan máis liberdade de expresión cultural que os das colonias inglesas que despois se converterían nos Estados Unidos. Nas colonias protestantes, a música africana era vista como "pagana" e era comúnmente suprimida, mentras que en Louisiana era aceptada. Ademais da poboación escrava, New Orleans tamén tiña a maior comunidade de xente negra libre en Norteamérica.



*The Old Plantation*, pintura de finais do século XVIII.  
Escravos bailando ó son dun banjo e percusión.



## O Jazz hoxe en día

Dende os seus inicios ata os noso días, non hai país, estilo, ou instrumento que non tivera unha influencia do jazz. O seu carácter ecléctico e maleable, ca utilización da improvisación e do individuo como bandeira, fixeron do Jazz unha disciplina universal, global e dificilmente acotable.

Poderíase facer un listado interminable de fases, épocas, subxéneros ou ramificacións que emanaron do Jazz, e teríamos que estar actualizándoo a diario. RagTime, Swing, Dixieland, Free Jazz, Post Bop, Cool Jazz, Be-Bop, Hard-Bop, Latin Jazz, Flamenco Jazz, Soul Jazz, Jazz Funk, Jazz Fussion, Acid Jazz, Nu Jazz, Jazz Rap, JazzCore...

Pero se tentamos discernir cal sería a conexión ou a relación entre todos estes exemplos en torno ó Jazz, poderíamos afirmar que hai dúas constantes que continúan tan en vigor coma o primeiro día:

## **O Individuo e A Improvisación.**

## O Individuo e A Improvisación.

No Jazz, residen estes dous conceptos como as características esenciais básicas da disciplina. A importancia da interpretación dunha determinada composición é que sexa única e personal, e non a fidelidade con respecto a unha partitura. A importancia reside pois no **INDIVIDUO** que interpreta dun xeito único e irrepitible aquela composición, que se supón, coñecida por tod@s. A outra cara desta moeda, é que esta interpretación persoal, única... é irrepitible en canto que é improvisada. É pois a capacidade de **IMPROVISACIÓN** e de axustar o teu discurso musical a cada circunstancia e contexto, o que pon de relieve as cualidades musicais do músico de jazz, é dicir: a súa musicalidade.


A mecánica da interpretación dun grupo de Jazz partirá da exposición dunha melodía como **Tema Principal**, para, a través da improvisación, presentar as posibles **Variacións** deste Tema, é dicir, os solos.

É pois fundamental o estudio individual do músico de Jazz, e a súa “construcción” persoal como músico e improvisador, pero nunca se poderá perder de vista que o desenvolvemento natural do Jazz e da improvisación lévase a cabo en grupo. Os músicos dependen pois uns dos outros e de nada valerá unha actuación sobresainde individual se non vai acompañada do resto do Ensemble. A cuestión dos roles, das funcións e dos papeis de cada músico ou instrumento, segue a ser unha cuestión en constante evolución e cambio, así como a interdependencia entre todos eles.

## 4. Unha pegada: A Tribu

**A Tribu** é unha formación galega integrada por 8 músicos. É un grupo relativamente numeroso e ten varias características que o diferencian doutras propostas esencialmente jazzísticas. Primeiro a **sección rítmica**, que tanto pola súa instrumentación como pola súa sonoridade, responde máis a un grupo de rock, coa batería, a percusión, o baixo eléctrico e a guitarra eléctrica. Segundo polo tratamento dos **metais**. Os arranxos e o tipo de distribución das voces melódicas aportan unha lectura moi persoal que complementan ás composicións como un elemento máis, sen adquirir tanto protagonismo dende o inicio, distanciándose dun tratamento propiamente jazzístico. E por último, a inclusión do **DJ**, que, se xa de por sí, podería ser un elemento novidoso, nesta ocasión ademáis tan só traballa con voces gravadas, sendo así o único elemento que xoga ca voz, nunha formación exclusivamente instrumental.

**A Tribu** utiliza só repertorio orixinal de Xacobe Martínez Antelo, e plantexa unha visión moi persoal dunha pegada do jazz nos nosos días. Unha proposta radicalmente actual, sen deixar de beber das fontes clásicas do jazz. Unha visión universal, sen deixar de sonar cercano e galego. Un proxecto sólido e contundente, que se empapa do risco e da improvisación en cada concerto.



## 5. Guía CD Audio

Ca presente Unidade Didáctica, adxuntamos un CD de Audio que pretende completar os obxectivos deste primer achegamento á nosa proposta. Estas mostras de Audio facilitarán un traballo previo á asistencia ó propio concerto, permitindo que nos familiaricemos con cada un dos instrumentos, e co grupo que imos escoitar.

**Pista1. Music to The people.** Nesta peza podemos apreciar unha introducción do DJ, scratcheando un discurso. Despois, entrará o resto da banda para presentar o TEMA PRINCIPAL. A continuación escoitaremos un SOLO compartido entre o saxo alto e o saxo tenor. Despois a banda toca unha frase melódica sobre a cal o batería fará un SOLO. E xa para despedir a peza, vóltase ó TEMA PRINCIPAL.

00:00-00:40. Introducción do DJ

00:40-02:48 **Tema principal**

02:48-06:32 Solo conxunto de Saxofóns

06:32-07:42 Solo de Batería

07:42-08:52 **Tema principal**

Estilísticamente poderíamos ubicar este “Music to the People”, dentro do Funk. Resulta interesante escoitar a interacción entre a sección rítmica coma unha unidade, e os solistas como outra. Tamén se pode apreciar no SOLO compartido entre os dous saxofonistas, que un vai complementando as súas intervencións cas do outro, facendo así que o SOLO sexa único e irreplicable.

**Pista 2. O Crocodilo.** Nesta pista podemos escoitar o baixo eléctrico, a batería e o DJ. Éste último utiliza a narración dun conto infantil, para improvisar co baixista e o batería, facendo unha nova “lectura” improvisada de dito conto. Que o disfrutedes!!